



CURRÍCULO DE RELIXIÓN E MORAL CATÓLICA DE BACHARELATO

OBXECTIVOS XERAIS DA MATERIA

- Recoñecer a importancia e a universalidade do fenómeno relixioso nas diferentes culturas, en particular do cristianismo.
- Sintetizar os contidos fundamentais da mensaxe cristiá desde as fontes bíblicas e doutrinais da Igrexa.
- Descubrir o sentido da dignidade do ser humano, partindo da súa creación, do valor da súa vida e da súa transcendencia.
- Analizar a relación da fe coa cultura actual, valorando a súa achega mutua.
- Coñecer os elementos básicos da Doutrina Social da Igrexa Católica, para interpretar á súa luz a realidade socioeconómica do mundo.
- Recoñecer os contidos éticos da mensaxe cristiá e sabelos aplicar na construción da sociedade.
- Analizar os valores do cristianismo, contrastándoos cos valores dos humanismos do noso tempo.
- Adquirir unha actitude de respecto e valoración cara ás persoas de diversa cultura e ideoloxía, a fin de construír mediante o diálogo unha convivencia en paz e concordia.
- Identificar como a fe se manifesta na arte relixiosa do noso tempo.
- Descubrir o significado profundo da actividade humana, como manifestación da propia dignidade, aplicando os criterios cristiáns á actividade laboral.

OBXECTIVOS

1. Recoñecer a importancia e a universalidade do fenómeno relixioso nas diferentes culturas, en particular o cristianismo.
 - Recoñecer a importancia e a universalidade do fenómeno relixioso nas diferentes culturas.
 - Recoñecer a importancia e o significado do feito relixioso na cultura actual.
 - Sintetizar o contido fundamental das principais relixións non cristiás.
 - Comprender o sentido e o significado da experiencia relixiosa.
 - Diferenciar o contido fundamental da relixión cristiá ante o resto das relixións.
2. Sintetizar os contidos fundamentais da mensaxe cristiá desde as fontes bíblicas e doutrinais da Igrexa.
 - Sintetizar a mensaxe cristiá como un encontro con Xesús.
 - Sintetizar a mensaxe esencial de Xesucristo tal e como a creu, celebrou e viviu a Igrexa ó longo da historia.
 - Sintetizar os contidos esenciais da fe cristiá no contexto socioeconómico e cultural actual.
 - Descubrir a fe como chamada ó seguimento.
 - Preguntarse polo sentido da morte e recoñecer a postura do cristián ante a morte.

- Descubrir o sentido profundo da esperanza para o cristián.
- 3. Descubrir o sentido da dignidade do ser humano, partindo da súa creación, o valor da súa vida e da súa transcendencia.
 - Descubrir a dignidade do ser humano, o valor da vida e o sentido transcendente do ser humano á luz da revelación cristiá.
 - Describir o significado profundo da actividade humana como manifestación da propia dignidade.
- 4. Analizar a relación da fe coa cultura actual, valorando a súa achega mutua.
 - Analizar a relación da fe coa ciencia e técnica.
 - Descubrir valores e contravalores da sociedade actual.
 - Descubrir a relación e mutua contribución da relixión e da cultura contemporánea.
 - Analizar a relación da Igrexa cos medios de comunicación social.
- 5. Coñecer os elementos básicos da Doutrina Social da Igrexa Católica, para interpretar á súa luz a realidade socioeconómica do mundo.
 - Descubrir o compromiso social da Igrexa e dos cristiáns no mundo ó longo da historia.
 - Descubrir a acción social da Igrexa Católica e dos católicos no mundo de hoxe.
 - Sintetizar os contidos fundamentais da Doutrina Social da Igrexa.
 - Analizar e interpretar a realidade socioeconómica e cultural do mundo de hoxe á luz da Doutrina Social da Igrexa.
- 6. Recoñecer os contidos éticos da mensaxe cristiá e sabelos aplicar na construción da sociedade.
 - Concretar os contidos éticos da mensaxe cristiá.
 - Valorar a dimensión ética do ser humano á luz da mensaxe cristiá.
 - Recoñecer e valorar a Xesús como modelo de vida cristiá.
 - Elaborar unha síntese da ética cristiá.
 - Aplicar contidos éticos cristiáns á construción da sociedade.
 - Coñecer a vinculación entre ética e fe cristiá.
 - Comprender a resposta cristiá a diferentes problemas morais.
 - Desenvolver unha resposta cristiá ante a situación de conflito no mundo.
 - Aplicar contidos éticos na construción da sociedade.
 - Comprometerse na construción da paz.
- 7. Analizar os valores do cristianismo, contrastándoos cos valores dos humanismos do noso tempo.
 - Identificar a resposta que o humanismo ateo lles dá ó home e ó sentido da súa vida.
 - Estudar a increnza e a indiferenza relixiosa, así como a resposta da Igrexa ante o humanismo ateo.
 - Coñecer o pensamento do humanismo cristián.
 - Descubrir os valores humanos do cristianismo.
 - Comparar o humanismo cristián e o humanismo ateo.
- 8. Adquirir unha actitude de respecto e valoración cara ás persoas de diversa cultura e ideoloxía, a fin de construír mediante o diálogo unha convivencia en paz e concordia.
 - Coñecer as novas formas de relixiosidade.
 - Adquirir unha actitude de respecto e valoración cara a persoas de diversa crenza.
 - Descubrir o papel do cristián e da Igrexa na sociedade.
 - Valorar a convivencia social en paz e concordia.
- 9. Identificar como a fe se manifesta na arte relixiosa do noso tempo.
 - Coñecer, respectar e valorar esteticamente as manifestacións da arte relixiosa que enriquecen o patrimonio universal.
 - Analizar e interpretar a mensaxe que transmiten as manifestacións da arte relixiosa e que enriquecen o patrimonio universal.

10. Descubrir o significado profundo da actividade humana, como manifestación da propia dignidade, aplicando os criterios cristiáns á actividade laboral.
- Aplicar a Doutrina Social da Igrexa ó mundo do traballo.
 - Comprender a relación laboral desde unha visión evanxélica.

CONTIDOS

1. Dimensión relixiosa do home e as súas distintas expresións. As relixións na Constitución española.
 - Influencia da relixión na sociedade.
 - As manifestacións de Deus.
 - Mediacións da relixión.
 - Definición de relixión.
2. A expresión da experiencia de Deus nas distintas linguaxes de hoxe. Sentido da transcendencia.
3. As grandes relixións monoteístas e o cristianismo na actualidade.
 - Fundador, orixe e doutrina do budismo.
 - Orixe, crenzas, ritos e festas do xudaísmo.
 - Orixe, doutrina e normas de vida do islam.
 - O cristianismo ante o resto de relixións.
4. Humanismos actuais de inspiración non cristiá. Laicismo e «relixión civil». Novas formas de religiosidade hoxe.
 - O humanismo de Karl Marx, Fiedrich Nietzsche e Sigmund Freud.
 - A relixión civil.
 - Manifestacións pseudorrelixiosas.
 - A New Age.
 - As seitas.
5. Estudo comparado das distintas posturas ante Deus. A increnza e as súas formas. A fe ante o ateísmo, o agnosticismo e a indiferenza.
 - O ateísmo e o agnosticismo.
 - A indiferenza relixiosa e as súas causas.
 - A resposta da Igrexa ó humanismo ateo.
6. O humanismo cristián como resposta ó sentido da vida: grandes pensadores cristiáns.
 - O humanismo renacentista.
 - Definición e historia do humanismo cristián.
 - O humanismo de Emmanuel Mounier, Jacques Maritain e Gabriel Marcel.
7. A achega da fe ás formulacións que, no mundo actual, fan a ciencia e a técnica sobre a persoa humana. A liberdade e a responsabilidade.
 - A dignidade do ser humano.
 - O ser humano libre e responsable.
 - A relación entre relixión e ciencia ó longo da historia.
 - Diálogo e achegas actuais entre relixión e ciencia.
8. O sentido transcendente e o sentido cristián nas artes plásticas. A arte como pedagogía da fe.
 - Os medios de transmisión da fe.
 - A arte cristiá.
9. O fenómeno relixioso e a súa presenza nos medios de comunicación social. A tolerancia, a liberdade e a pluralidade relixiosa.
 - O feito relixioso nos medios de comunicación social.
 - O cine relixioso.
 - A radio católica.

- Prensa e revistas católicas.
 - A igrexa en Internet.
10. Xesucristo, Deus e home, polo seu misterio pascual realiza o proxecto divino de salvación. O home novo, que nace do amor de Deus, coopera e intégrase no Reino de Deus.
- O fillo de Deus feito home.
 - O anuncio do Reino de Deus.
 - Os signos do Reino de Deus.
11. A plenitude da salvación realizada e ofrecida por Xesucristo, e a vida eterna. Posicións actuais sobre o alén.
- Diferentes respostas ante a morte.
 - Morte e resurrección de Xesús.
 - A esperanza cristiá e a vida eterna.
12. A resposta do home á oferta salvadora de Deus. O seguimento de Xesucristo. A fe e o amor.
- A vida de Xesús.
 - O recoñecemento da figura do Mesías a través da escritura.
 - A eucaristía.
 - Mesías, Señor, Fillo de Deus.
 - O Reino de Deus.
 - A fe como experiencia persoal e integración nunha comunidade.
 - O compromiso.
 - O estilo de vida do cristián.
 - Esixencias da fe en Xesús.
13. O compromiso na vida cristiá. O voluntariado na Igrexa e noutras institucións.
- Fundamentación cristiá da solidariedade.
 - O voluntariado cristián.
14. A Igrexa e a sociedade: os católicos na vida pública. Política e relixión. Liberdade relixiosa. Tolerancia e pluralismo. As relacións Igrexa-Estado.
- A presenza dos cristiáns na vida pública.
 - Política e relixión.
 - A relación entre Igrexa e comunidade política.
15. Principios e fundamentos da Doutrina Social da Igrexa. Encíclicas sociais. Aplicacións ó mundo do traballo. Dereitos e deberes.
- A Doutrina Social da Igrexa.
 - Etapas da historia da Doutrina social.
 - Principios que fundamentan a Doutrina Social da Igrexa.
 - Documentos fundamentais da Doutrina Social da Igrexa: Rerum Novarum, Quadragesimo Anno, Mater et Magistra, Pacem in Terris, Gaudium et Spes, Populorum Progressio, Octogesima Adveniens, Laborem Exercens, Sollicitudo Rei Socialis e Centesimus Annus.
 - O mundo do traballo e a Igrexa.
 - Dereitos e deberes dos traballadores.
16. A fe cristiá e a ética. A conexión entre ética pública e ética privada. Cuestións morais de actualidade e resposta cristiá.
- Formulacións éticas na sociedade actual.
 - Diferentes tipos de ética.
 - A ética cristiá.

- Diferenza entre legalidade e moralidade.
- Ética pública e ética privada.
- Problemas morais actuais.
- Resposta cristiá a problemas morais actuais.
- Causas de guerras e violencia armada.
- A postura cristiá ante a guerra.
- O terrorismo e a súa valoración moral.

17. O Reino de Deus, presente xa, chegará á súa plenitude. Fundamentación humana e evanxélica da construción da paz, e da civilización do amor.

- Condicións e medios para construír a paz.
- O amor como compromiso ético.
- O compromiso social cristián.

Actitudes

1. Sensibilización cara ó feito relixioso.

- Actitude receptiva ante o feito cristián.
- Aprecio polos valores humanos expresados nos ritos, signos e testemuños relixiosos.
- Actitude de discernimento e de análise sobre os interrogantes que as demais materias presentan sobre a relixión.
- Respecto e comprensión ante outras formas de pensamento en canto portadoras dun sentido.
- Estima do exercicio do diálogo.
- Apertura ó pluralismo.
- Valoración da contribución do cristianismo ó pensamento humanista.
- Actitude de busca para fundamentar e afianzar as propias convicións relixiosas.
- Valorar o influxo da relixión na arte.
- Recoñecemento da importancia da xustiza, da verdade e do amor como criterios evanxélicos.
- Valores sobre o home que xorden da mensaxe de Xesús: dignidade do home, valor primixenio da vida humana, liberdade, relación directa con Deus, gratuidade, perdón, achegamento ós pobres...
- Actitude de contemplación, escoita, admiración da persoa de Xesús.

2. Sensibilización cara á ética relixiosa.

- Normas de conduta que a revelación cristiá perfecciona e descobre ó crente en toda a súa plenitude.
- Normas para ler e interpretar os documentos do maxisterio sobre a actividade humana e sobre as realidades últimas, e sobre Doutrina Social.
- Interese por coñecer o contexto social, político e histórico dos problemas ou acontecementos actuais.
- Descubrimento da riqueza que supón a convivencia na unión, no amor e na paz.
- Discernimento da chamada crise de valores e a súa incidencia na sociedade.
- Valorar o exercicio do diálogo.
- Discernimento dos acontecementos sociais, políticos e históricos á luz da Sagrada Escritura.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Elaborar unha síntese actualizada dos contidos esenciais da fe cristiá.

2. Razoar a resposta que as relixións e humanismos lle deron á cuestión sobre o home e o sentido da súa vida, e a resposta que lle dá a fe católica.
3. Detectar os valores e os contravalores presentes na sociedade actual, describir as fontes fundamentais da moral cristiá e analizar as dificultades que presenta actualmente obrar segundo o Evanxeo.
4. Describir un acontecemento e/ou un problema social relevante, obtendo información sobre el a partir dos medios de comunicación social, e valoralo á luz dos criterios morais cristiáns.
5. Explicar o sentido relixioso dalgunhas manifestacións artísticas e culturais.
6. Amosar a presenza do credo da Igrexa nalgunhas manifestacións artísticas e culturais.
7. Relacionar a situación do home actual e a súa cultura cunha visión cristiá do mundo.
8. Aplicarlles ás relacións laborais os principios cristiáns que fundamentan a dignidade, a liberdade e os dereitos-deberes no mundo do traballo.